


4

Cantigas de
Santa María

virgen

Prolongacíons da
escola trobadoresca



Afonso IX.

CONTEXTO HISTÓRICO

No século XIII, a sociedade feudal alcanza a súa plenitude: é unha sociedade en expansión, en que os monarcas son respectados na medida en que os séculos de historia fixeron deles unha figura sacralizada, case mítica, e que encarna as virtudes da cabalaría. Os reis, pola súa parte, aspiran a concentrar o poder e, apoiándose nas cidades, reformar o sistema feudal. Esta reforma ten como fin último e fundamental coutar os privilexios e atribucións dos grandes nobres, que gobernaban as súas terras como verdadeiros reis. É tamén neste século cando as ansias expansionistas dos reinos cristiáns impulsan a "Reconquista" deixando o mundo árabe peninsular reducido ao reino de Granada, mentres o reino de Aragón inicia a súa expansión polo Mediterráneo.

Na segunda metade deste século, durante o reinado de Afonso X (1252-

1285), sitúan os estudiosos o período áureo da lírica galego-portuguesa, coincidindo cos de Afonso III (1248-1279) e Don Dinís (1279-1325) en Portugal. Os historiadores adoitan salientar como fenómenos más importantes do reinado de Afonso X o fracaso das súas aspiracións ao Imperio, os conflitos internos e o labor lexislativo e cultural.

Baseándose no parentesco da súa nai, Beatriz de Suabia, coa casa Hohenstaufen, Afonso X pretendeu conseguir a coroa Imperial de Alemaña, pretensión que o mantivo afastado moitas veces dos problemas dos seus reinos e na que investiu unha verdadeira fortuna. Esta absurda pretensión, á que atribúen moitos historiadores os sucesivos problemas do seu reinado, era simplemente a culminación da súa ambiciosa política imperialista, que xa se manifestara con anterioridade nos seus confrontamentos con Afonso III de Portugal polo Algarve e mais nos intentos de se facer co reino de Navarra e o Condado da Gascaña.

Cando falan de conflitos internos, os historiadores refírense a unha serie de revoltas dos grandes señores feudais a que o monarca tivo que fazer frente ao longo do seu reinado. Para algún estudo este desasosego entre os nobres podería deberse a que comezaba a manifestarse un certo desgaste da economía señorial, coas conseguintes repercusións políticosociais. Non obstante, a teoría máis aceptada é que esas revoltas son a resposta aos intentos da monarquía de limitar os privilexios dos grandes magnates da aristocracia e o clero. Neste contexto sitúase o conflito sucesorio que se produce cando morre o infante Fernando, herdeiro do trono. Aspiran agora á coroa Afonso de la Cerda, fillo do infante Fernando, e o seu tío Sancho. Afonso X resulta de-

rrotado polo propio fillo. En palabras dun historiador español: "a historiografía tradicional tratou con simpatía a imaxe deste avó que defendeu os dereitos dos netos, quizais esquecendo que para além dos sentimientos persoais, o que se debatía era unha redistribución do poder entre os grupos dirixentes do reino".

Afonso X pasou á historia co sobrenome de "o Sabio" polo seu inxente labor cultural. Reuniu en Toledo os más grandes eruditos das tres culturas que convivían na península (árabe, xudía e cristiá), para que traducisen as obras fundamentais do saber da época. Baixo a súa dirección nace en To-

ledo a historiografía castelá e realiza-se un enorme labor lexislativo.

CANTIGAS DE SANTA MARÍA

O cancionero relixioso galego-portugués está constituído polas 427 composicións contidas nas *Cantigas de Santa María*.

Como xénero literario en latín, as coleccións de milagres teñen a súa orixe no século VI, mais é no século XI cando a Igrexa potencia o culto a María como protectora dos cabaleiros que marchan ás Cruzadas e intermediaria da humanidade perante o seu fillo, Xesús Cristo. No século XIII, o


*NO SÉCULO XI
É CANDO A
IGREXA POTENCIA
O CULTO A
MARÍA COMO
PROTECTORA
DOS CABALEIROS*



Como Iesu Cristo mamou
leyte de peyto de Santa
Maria.

grande pulo que recibe a predicación vai producir un enorme florecemento do xénero, mais agora escrito xa nas diversas linguas romances. Estas co-

lectáneas tiñan, ademais da intención relixiosa, un fin propagandístico, o de potenciar a devoción de determinados santuarios. Nesta tradición europea



Páxina das *Cantigas de Santa María*. Biblioteca do Escorial

enmárcanse as *Cantigas de Santa María*, ao carón dos *Miracles de Notre Dame*, de Gautier de Coincy ou os *Milagros de Nuestra Señora*, de Gonzalo de Berceo.

CÓDICES

As *Cantigas de Santa María* chegaron a nós en catro códices. O da Biblioteca do Cabido de Toledo, hoxe na Biblioteca Nacional de Madrid, demóniñado códice *To*, contén 128 cantigas con notación musical. O da Biblioteca Nacional de Florencia (*F*) contén 104 cantigas sen notación musical e coas ilustracións sen rematar. Na Biblioteca do Escorial conserváñse os outros dous, o *T* e o *E*; o códice *T* contén 193 cantigas con notación musical e 1275 miniaturas; por último, o códice *E*, o máis completo, ten 417 cantigas con notación musical e está ilustrado con 40 miniaturas.

As diferencias que hai entre os códices, tanto no número de cantigas como nas ilustracións, unido a outras

moitas consideracións de análise codicolóxica, leva a pensar que a data de elaboración se estendería entre 1257 e 1283, nun proceso en que o códice de Toledo (*To*) sería o máis antigo e o escurialense (*E*) o máis moderno.


AUTORÍA

O proceso de elaboración das *Cantigas de Sta. María* ficou plasmado nos propios códices. A cantiga nº 284 explícao da seguinte maneira:

*E daquest'un miragre
mui fremoso direi
que fez Santa María,
per com'escrit'achei
en un livr', e d'ontr'outros
traladar-o mandei
e un cantar eu fige
segund'esta razón.
Quen ben fiar na Virgen
de todo coraón,
guarda-lo-a do demo
e de sa tentaçon*



Ornamentación para a Cantiga I.





Músicos esculpidos no Pazo de Xelmírez.

Aquí vemos que: 1º) o autor acha nun libro de milagres un que lle agrada especialmente, 2º) manda que sexa traducido e, 3º) redáctao en verso e adáptao á música. Unha outra descripción do proceso de elaboración destas cantigas aparece na 2ª miniatura de códice de Toledo: no centro, Afonso X sentado con dous clérigos ao seu carón, un deles le un manuscrito, o outro semella conversar co monarca; nos laterais, dous grupos tamén de clérigos, un compón música e outro traduce ou copia manuscritos. Evidentemente, o miniaturista está a reproducir a dinámica do *scriptorio*: uns estarían encargados de ler as coleccións de milagres xa existentes e seleccionalos, outros traduciríanos, o labor de versificación estaría encomendado a uns terceiros, os músicos encargarí-

anse da súa parte e os miniaturistas ilustrarían os códices.

Tense discutido moito sobre a posibel localización dos colaboradores de Afonso X, xa que, loxicamente, deberon formar parte da súa corte poética. É impensábel que grandes señores, como Pai Gómez Charinho, traballasen no *scriptorio* real, mais si o farían aqueloutros que estaban asalariados, isto é, os xograres e segreis. Está documentada por unha nota a posibel colaboración de Airas Núñez, e probabelmente tamén colaboraron Lourenço, Coelho, Pero de Ambroa,

Joán Baveca, Juião Bolseiro, etc. Os últimos estudios realizados concretan máis e falan xa de seis autores.

En resumo, as *Cantigas de Santa María* son un labor de equipo, o froito dun traballo colectivo coordenado



NUNHA NOTA DO CÓDICE TOLEDANO ATRIBÚENSE AO REI AFONSO X 100 CANTIGAS

e dirixido por Afonso X. O feito de que tradicionalmente se falase delas como obra de Afonso X é consecuencia do concepto medieval da autoría: para o home da Idade Media Deus era o autor da Biblia porque el a inspirara e, de igual forma, Afonso X era o autor das *Cantigas de Santa María*.

Nunha nota do códice toledano (*To*) atribúense ao rei 100 cantigas, mais fica sen resolver que entende o notador por autoría; debemos, por tanto, supor que Afonso realizaría un número indeterminado de cantigas mariñas.


FONTES

As *Cantigas de Santa María* pretenden ser un compendio de todas as

obras dedicadas á Virxe que a preceden e isto implica, por tanto, que as súas fontes son moi variadas. Poden agruparse en orais e escritas. Como fontes orais utiliza todas as lendas tradicionais da península, as de Armenteira, Nª Señora de Tudiá, Nª Señora de Monserrat, Sta. María de Évora, Sta. María de Salas... así como experiencias e lembranzas do rei e os seus colaboradores.

As fontes escritas comprenden, sobre todo, obras francesas e alemanas:

1.- Coleccións latinas de narracións, lendas e milagres, tanto da Virxe como de santos (que son atribuídos nas *Cantigas de Santa María á Virxe*): *Speculum Historiae*, de Vicente de Beauvois, *De miraculis beatae Virginis Mariae*, de Gualterius, etc.



Afonso X "o Sabio".



Parella de músicos con
albogues. Cantiga CCCXC.

2.- Coleccións latinas feitas para glorificar santuarios de sona: *Miracula Beatae Mariae Virginis in Cartonensi ecclesia facta*, de Chartres, *De miraculis Sanctae Mariae Laudunensis*, de Herman de Laon, etc.

3.- Coleccións en linguas romances: *Les miracles de la Sainte Vierge*, de Gautier de Coinci.


ESTRUCTURA E CLASIFICACIÓN

A estrutura xeral das *Cantigas de Santa María* semella presidida por un criterio numérico. As denominadas cantigas de *loor* ocupan as decenas (1, 10, 20, 30...) e os *miragres* o resto. As

que aparecen nos lugares das centenas (100, 200, 300...) conteñen favores persoais que o rei Afonso X solicitou da Virxe, e en todas aquelas que rematan en cinco (5, 15, 25, 35...) duplícase o número de miniaturas. Evidentemente isto está relacionado cun mundo de creanzas medievais que hoxe fican moi distantes para nós.

Tradicionalmente clasíficanse as cantigas en dous grupos:

A) Cantigas líricas.- Este grupo está formado por 66 textos. Parte deles foron compostos para seren cantados na Igrexa, formando parte da liturxia: "Cinco Festas do Nostro Señor", "Cinco Festas de Santa Ma-



Folio miniado no Tumbo B.
Catedral de Santiago de
Compostela.



Pintura da Catedral de Mondoñedo.

ría", "Dos sete pesares que viu Santa María do seu Fillo" e unha "Maia". As restantes aparecen presentadas no códice coas seguintes palabras: "Esta é de loor de Santa María...". Deste grupo, coñecido como de *loor* e que ocupa os números das decenas, o autor foi posibelmente Afonso X.

Estas últimas son cantigas que se poderían cualificar de trobadorescas, porque nelas o Rei preséntase como un verdadeiro *entendedor* de María; isto é, mentres os outros trobadores cantaban a unha muller, Afonso escolle a nai de Deus como dona a quen van dirixidas as súas cantigas de amor. Isto explicaría que na obra persoal do Rei, formada por 46 cantigas de escarnio e maldicer, non apareza nin unha soa cantiga de amigo. Se temos en conta que a cantiga de amigo era a outra cara da cantiga de amor, é dicir, a resposta da dama ao

ANTO A VIRXE COMO OS SANTOS PRESENTAN, EN MOITAS OCASIÓN, CUALIDADES E DEFECTOS HUMANOS

arrepentido.

De todas as formas, esta clasificación, que sobre o papel fica tan clara, non responde de todo á realidade das cantigas, porque nalgunhas das denominadas "narrativas" o elemento lírico, as louvanzas á Virxe, ocupan



Miniatura cortesá con Afonso X "o Sabio". Biblioteca do Escorial.

moitos más versos do que a propia descripción do milagre, e noutras das chamadas "líricas" aparecen trazos narrativos. O que acontece é que tanto unhas como outras son louvores á Virxe, e así aparece declarado na Cantiga Prólogo:


*E o que quero é dizer loor
da Virgen, Madre de Nostro Senhor*

Atendendo á orixe do milagre narrado, algúns historiadores clasifican as cantigas en tradicionais, fantásticas, íntimas e familiares, áinda que os lí-

mites entre o que poderíamos considerar un milagre "histórico" ou "tradicional" non fica nada claro e, por outro lado, cómpre recordarmos que hoxe consideramos "fantásticos" feitos que podían non ser para os homes e mulleres do século XIII. A relixión na Idade Media é unha vivencia que non ten nada que ver coa relixiosidade contemporánea. O divino ten unha presencia constante na vida cotiá medieval e tanto a Virxe como os Santos presentan, en moitas ocasións, cualidades e defectos humanos que para un cristián de hoxe son



Cantiga XX. Músicos con viola e laude.



Mancebos xogando á pelota.


inimaxinábeis. A Virxe das *Cantigas de Santa María* ten ciúmes de que os seus adoradores amen outras mulleres e obrigaos a escolleren entre ela e a outra (cantiga nº 16) ou obriga a abandonar o leito nupcial a aquel que lle prometera castidade (nº 132), e chega na súa cruidade a cortar o pé dun mancebo que dera un couce á nai (nº 127). Algunxs atribúen este tipo de vivencia relixiosa á "inxenuidade" medieval, esquecendo que o feito de os seres divinos teren cualidades e vicios humanos, mesmo de interferiren na

Moitas cantigas de miragre desenvólvense en torno ao pecado da luxuria

vida íntima dos homes, é algo que se daba tamén na relixión grega, que ninguén se atrevería a cualificar de inxenua.

Como xa dixemos, algunhas das lendas recollidas nas *Cantigas de Santa María* pertencen á cultura común a todos os pobos cristiáns e teñen a súa orixe en contos orientais que foron

incorporados á cultura occidental, mentres outras son vivencias persoais. Moitas cantigas de *miragre* desenvólvense en torno ao pecado da luxuria, tocando así un dos temas favoritos da cantiga de Escarnio e Mal-



Como Santa María fez que nacese o fillo do xudeu o rostro atrás, como Ilo Merlin rogara...

dicer, por exemplo a da abadesa encinta (nº 7), ou as cinco que tratan de freiras que abandonan os mosteiros para fuxiren cos amantes (40, 58, 59,

94 e 285). Neste tema, a naturalidade coa que se narra como a Virxe perdoa as aberracións más escandalosas alcanza o cume na cantiga nº 17, en que

unha honrada viúva mata o froito dos seus amores incestuosos co fillo:

*Sempre seja bēeita e loada
Santa María, a noss'avogada.
A dona mui bon marido perdeu,
e con pesar d'el, per poucas morreu;
mas mal conerto dun fillo prendeu
que del havía, que a fez prenhada.
Sempre seja bēeita e loada
Santa María, a noss'avogada.
A dona, pois que prenhe se sentiu,
gran pesar houve; mais depois pariu
un filh', e u nengū non viu
mató-o dentr'en sa cas'enserrada.*

A carón de *mirages* tan tremendos coma este, aparecen outros en que a Virxe intervén para solucionar pequenos problemas da vida cotiá, ás veces tan intrascendentes como a perda dunha ave de cetraría (nº 366) ou a falta de viño para un convite (nº 22).

Unha outra posibilidade de clasificación sería a que agrupa as cantigas narrativas en catro grandes grupos:

1º) *Mirages* que exaltan a María

como auxilio, socorro, defensa, saúde, restituidora de vida, consoladora, refuxio e señora dos catro elementos; inclúe este grupo aquelas cantigas en que se produce a personificación de animais, animación de imaxes, soños e visións.

2º) *Mirages* que enxalzan as virtudes cristiás: a devoción a María, a caridade, a reconciliación, a castidade, a pobreza, a vida relixiosa, a oración e a penitencia.

3º) *Mirages* que reprenden vicios e pecados: a blasfemia, o sacrilegio, a luxuria, a idolatría, a superstición, etc.

4º) *Mirages* en favor de determinados santuarios marianos.

LINGUA

As *Cantigas de Santa María* teñen un valor lingüístico e literario excepcional. Igual que a dos cancioneiros profanos, a súa lingua é o resultado do traballo literario sobre a base do galego falado. Rodrigues Lapa estableceu as características fundamentais que a vinculan ao galego actual:

Miniatura representando un *mirage* de Santa María.



a) a riqueza léxica que, lonxe de fórmulas poéticas, abrangue todos os aspectos da vida;

b) a súa naturalidade, que queda reflectida na fluidez lírica a pesar de estar submetida a diversos esquemas métricos;

c) a ausencia de latínismos e a relativa escaseza de castelanismos;

d) a correspondencia de voces, acepcións e expresións co galego actual.

A respecto do léxico,

é de salientar que moitas das palabras que aparecen nela son a primeira documentación coñecida do vocabulario galego-portugués, o que fai das *Cantigas de Santa María*, igual que das de Ercarnio e Maldicer, un documento imprescindible para o coñecemento da nosa lingua.

MÉTRICA

Aínda que a métrica das *Cantigas de Santa María* é moi variada porque os

*AS CANTIGAS
DE SANTA MARÍA
TEÑEN UN
VALOR
LINGÜÍSTICO E
LITERARIO
EXCEPCIONAL*



Músicos na Cantiga CCL.



Apañando o trigo.

versos oscilan entre as 4 e as 17 sílabas, o verso más utilizado é o de catorce. En canto ás estruturas estróficas, a máis frecuente é a denominada *Virelai ou Zexelesca*, que consiste en dous versos monorrímos (AA) que serven de refrán, máis tres ou catro versos (bbb ou bbaa) seguidos doutro, chamado *verso de volta* (A), que enlaza de novo co refrán:

Non pode prender nunca morte
[vergonhosa] (A)
aquele que guarda a Virgen
[gloriosa]. (A)
Por én, meus amigos, rogo-vos que
[m'ouçades] (b)
un mui gran miragre que quero
[que saibades] (b)
que a Santa Virgen fez, per que
[entendades] (b)
com'aos seus servos é sempre
[piadosa]. (a)
Non pode prender nunca morte
[vergonhosa] (A)
aquele que guarda a Virgen
[gloriosa]. (A)

En menor medida aparecen tamén as estruturas denominadas *Rondel* e *Balada*.

MOTIVACIONES

Unha das cuestións máis complexas que levantan as *Cantigas de Santa María* son as motivacións que impulsaron a Afonso X a promover a composición desta colección de poemas que nunca deixou de ampliar.

Os motivos que moveron os reis e os grandes señores feudais de toda Europa a potenciar as obras de carácter historiográfico están claros: afundir as raíces das súas familias no albor da humanidade, enlazando directamente con heroes míticos ou bíblicos, para así glorificárense e

xustificaren o seu dereito a gobernar. O que moveu a Afonso X a dirixir a redacción do seu inxente labor lexislativo foi tamén unha razón pragmática: proporcionar aos nacentes Concellos unha arma xurídica coa que se defenderen dos abusos dos grandes señores feudais.

Desta forma coutaba o


inmenso poder destes e reforzaba o da monarquía.

No caso das *Cantigas de Santa María* os estudiosos falan de motivacións "internas" e motivacións "ex-



A MÉTRICA DAS CANTIGAS DE SANTA MARÍA

É MOI VARIADA, AÍNDA QUE O VERSO MÁIS UTILIZADO É O DE CATORCE



Folio do Tumbo A. Catedral de Santiago de Compostela.



Músicos con albogues na
Cantiga CCCXI.

Cantigas de Santa María.
Folio con anotacións
musicais.



ternas". Filgueira Valverde sinala dentro das internas tres estratos:

a) As *Cantigas* como mariolloxo.- Neste sentido o que se pretende coas cantigas é potenciar ao máximo o culto á Virxe, porque gracias ao seu papel como mediadora ante Deus os seus adoradores non só salvan a alma senón tamén o corpo, e mesmo poden ver cumprido calquera desexo. O propio rei declarase trovador desta "dona de donas".

b) As *Cantigas* como exemplo.- Aquí o que predomina é o fin didáctico, isto é, o que se pretende é que o

PARA
CONTRARRESTAR
O PRESTIXIO
CULTURAL DE
COMPOSTELA,
AFONSO X CREA
O SEU PROPIO
CENTRO DE
CULTURA EN
TOLEDO

ser humano reconsiderare a súa conducta a través das historias narradas, de aí que o refrán teña sempre un contido e unhas pretensións moralizadoras.

c) As *Cantigas* como colección.- Neste aspecto as *Cantigas de Santa María* son un fin en si mesmas, é dicir, son unha enciclopedia de todo o saber da época sobre a Virxe.

As chamadas motivacións "externas", de carácter político, son dúas. Unha corresponde ao que hoxe chamaríamos política externa (pretensións ao título de Emperador) e a



Naves medievais. *Cantigas de Santa María.*


outra á política interna (o reparto do poder dentro dos tres reinos peninsulares: Galiza, León e Castela).

Afonso X precisaba acrecentar en todo o posibel o seu prestixio para convencer o Papado da bondade da súa candidatura á coroa Imperial. Esta bondade non se media unicamente en armas e riquezas: o aspirante ao título de Emperador tiña que demonstrar tamén que os seus reinos posuían un prestixio cultural capaz de igualar, e mesmo superar, ao do outro aspirante. As *Cantigas de Santa María* son a obra ideal para tal fin: un compendio da arte da época (música, pintura e literatura) escrita nunha lingua de cultura, o galego, que contaba cunha sólida tradición lírica.

Polo outro lado, e xa dentro dos reinos peninsulares, o poder material, non só espiritual, da Igrexa era enorme. Os bispos de Santiago figuraban entre os señores feudais máis poderosos e insubmisos da época e, desde que Diego Xelmírez conseguira a categoría de igrexa metropolitana para Compostela e o dereito a acuñar moeda, a sé galega disputaba a Toledo a primacía dos reinos cristiáns.

Para contrarrestar o prestixio cultural de Compostela, convertida tamén en centro de peregrinaxe de toda Europa, Afonso X crea o seu propio centro de cultura en Toledo, impulsando obras que puidesen competir coas santiaguesas. Quere que Toledo substitúa en todo a Santiago, mesmo






como centro de peregrinación e, por tanto, necesita que Santa María sexa tan poderosa como o Apóstolo, de aí quizais que milagres atribuídos tradicionalmente a el, aparezan nas *Cantigas* como obra da Virxe.

De todos os xeitos, sería un erro pola nosa parte interpretarmos isto únicamente como unha loita entre o poder civil e o poder eclesiástico, porque subxace sempre, nestas liortas, o reparto do poder entre familias oligarcas. Afonso X quere para o bispado de Toledo o poder, prestixio e riqueza de Compostela, mais cómpre recor-

darmos que o primado toledano é o seu irmán Don Sancho, e que cando este morre, é substituído polo infante Don Sancho de Aragón, cuñado de Afonso. Conseguir para a sé toledana o poder de Santiago é, para Afonso X, que todo quede na casa.

Para Filgueira Valverde, e para moitos estudiosos máis, é evidente o antigaleguismo de Afonso X. Non obstante, a outros non lles parece compatíbel este antigaleguismo co feito de que Afonso X fose un grande protector dos nosos trobadores, que na súa corte se vivise o pe-

A
FONSO X
QUERE PARA O
BISPADO DE
TOLEDO O
PODER,
PRESTIXIO E
RIQUEZA DE
COMPOSTELA



Miniaturas e páxina das *Cantigas de Santa María*. Biblioteca Nacional de Florencia.





ríodo áureo da lírica medieval, que el mesmo trobase en galego e de que do seu *scriptorio* saíse o primeiro códice (hoxe perdido) das cantigas profanas. Poida que o problema radique no significado que ten para nós o termo. Afonso X é antigalego no sentido de que pretende eliminar o prestixio e poder de Compostela e dos indomábeis señores galegos que tiñan, en moitas ocasións, máis poder real que o propio monarca; poder que manterán, a pesar de Afonso X, ata finais do século XV. Mais non é antigalego no sentido de que persiga ou proscriba o uso do galego, nin de que intente romper a unidade lingüística de Galiza. Tal posibilidade sería impensabél nunha época en que este é un reino cunha lingua e unha cultura normalizadas e que ademais conta cunha literatura.

Como motivo persoal está a profunda fe de Afonso en Santa María e o seu desexo de louvala e de ser o seu trovador exclusivo. Non temos razóns para dubidar da súa sinceridade cando narra "milagres" persoais que lle fixo a Virxe, e o máis probabel é que acredítase en que a salvación da

súa alma dependía deste libro, como parece demostrar o feito de que nos últimos anos da súa vida non se afastase del.

Un outro motivo combinaría as pretensions persoais do rei como cristian e as do político que quere unificar no relixioso os seus reinos, xa que moitas cantigas son exemplo de conversión ao cristianismo de xudeus e mozárabes.

VALORACIÓN


As *Cantigas de Santa María* son un magno compendio de arte medieval, porque abranxe literatura, música e pintura. As miniaturas, tanto polo colorido como pola distribución do espazo, supoñen unha concepción da pintura moi rica da habitual noutros códices da época: cada viñeta vai acompañada, ao pé, por un texto aclaratorio, os fondos ficán praticamente sen cor, facendo resaltar máis as figuras, o número de personaxes non adoita ul-

trapasar as seis e son extremadamente realistas.

Dada a magnitude e importancia



Dúas miniaturas das
Cantigas de Santa María.
Biblioteca Nacional de
Florenza.



ADEFONVS REX

dhane ordinationem dñissimi
mi eidorum principis aduna-
tum fuit concilium in locum
scissimum beati iacobi apli.
ubi sem corpus eius tumulatum est. Vidimus et
peractauimus et recolamus ordinationem et
cartam eiusdem dñi eidorum gloriosissimi principis
per quam concessit ad ipsum locum nullas. et
mei homines habentes de termino de sex mil-
ibus admira. quam adfonis rex filius eius conm-
uni consilio robus concilii confirmavit. Inca-
deccc. Iii ibi fuerunt. Gudesteus. Erugus.
Emilian. Guriacus. et bonellus abba:
Adefonis rex confirmo. **ADEFONIS**

Atri athaulfo epo. Adefonsus rex per
hanc niam missiōnē concedim⁹ et
dam⁹ et affirmamus tibi scissimum
locum patrem nř sci iacobi apli
cū omib⁹ que ante didum ad ipsum
locum pertinuerunt uel pertinent. que antece-
derat nř ibidem affirmauerint. uel nos ipsi
sum⁹ per ordinatione genitoris nř. que oī
script⁹ firmauimus. Adiemus etiā nobis sedē
intencionem ubi est ecclia beate eulalie urgant.
cum omib⁹ plebe que de ipsa fuerunt. uel finit.

ratione quemadmodum illud habuerunt ante
cessores nř. Dom⁹ theodem⁹ et dñs athaulfus
ep⁹ sei etiam diocesem quam hic inconclu-
soz uel debetatu⁹ habueſſi. ita ut oī
rigiliter et sumiter regatis. et mala uicia ex-
terpens et pronob⁹ ratione feceris. quod siq⁹
nobis uel immodeſco conurbanter aut ipsam
plebem absq⁹. uia uoluntate ſibi ad uingere uolu-
erit. aut illos male operantes ſicut lucisq⁹ fe-
cerunt non corræcte. statim illud nobis per
urum nuncum et scriptum notum faciam⁹.

ut qui aduersari de uictoria fuerit. illud acci-
piat qđ inconcluſio dignus est accipere. Proib⁹
more solito orare non deficitis. cum om̄i co-
gregacione uia. Hocum die. xiii. id⁹ milii.
Era. dcccciii.

Adefonis rex confirmo. **ADEFONIS**

Atri athaulfo epo adefonsus rex secundū
quod nobis suggestisti. pro uilla uocata
caracia quam ille infelix frida dum
act de ratione ecclie briuense ſedis et ſe-
cularie ſibi adprehendiderat. nichil illi pertinet.
Nos tamen coedim⁹ eam nobis. ſicut ipſa de nř
proprietate fuit. per om̄is ſuos terminos abutegro
ſicut eam amteſſor tuus dom⁹ theodem⁹
ep⁹ habuit. ita ut cum uris clericis habeatis et
ea tolerationē. et nemo uos pro ea contrubet. ſi
ſecuri et quieti illam obtinetis. Preſente tameſto
ſredone. que ordinamus immiti: ut eam nobis
adſignem⁹. Hocum die xii. kl⁹ februario. Era.
dccccii.

Adefonis rex confirmo. **ADEFONIS**

Athanas. es. Euderic' comes es.
Fernandus. es. Enigenus diacon⁹ es
elpe es.

Adefoni rex ſimando preſbitero per hunc
nre precepionis uiſione donauis atq;
concedim⁹ tibi eccliam uocabulo ſe marie
que e fundata uilla que uocatur teneriana per
om̄is terminos ſuos. cune ibis; eoz accessionib⁹
ſicut eis per indecū adquisiuit dñe memorie
tuo noster dñs adefonsus. expropriate bilaui
iu dai pelagi. ita ut exprefſa die et tempore
denro dato ſecurus obvaneſſ. post partē ecclē
ire et utram perpeſum habuitur. tandeſ basilia



Carretando pedra para a obra da igrexa.

da obra, débenos sorprender a escasa atención que recibiron xa que, se a comparamos con obras moito menos importantes, prácticamente carecemos de bibliografía sobre ela. Tam poco houbo versións ou edicións populares que permitisen certa aproximación das *Cantigas de Santa María* ao grande público e, curiosamente, a única e excelente edición (no sentido científico do termo) que existe, está feita polo alemán Walter Mettmann.

De reflectirmos un pouco podremos entender esta situación. Foi "escrita" por un monarca que é o creador

da prosa castelá, e isto é o que interesa aos historiadores da literatura española, que nomean as *Cantigas de Santa María* como obra persoal, menor, e case inexplicábel, de Afonso X. Inclúenla na historia da literatura española, mais non a estudian nin se preocupan de a dar a coñecer porque, a pesar de todo, resulta evidente a imposibilidade de considerala como parte da literatura española.

Nos libros de historia da literatura portuguesa aparecen citadas sen más, probablemente porque, na realidade, non as consideran literatura propia: cou-

RESULTA EVIDENTE A IMPOSSIBILIDADE DE CONSIDERALA COMO PARTE DA LITERATURA ESPAÑOLA

guesa aparecen citadas sen más, probablemente porque, na realidade, non as consideran literatura propia: cou-

Esta é como santa maría fez en portugal ena vila de santarem a húa moldeador á no morresse ata que fosse bê confessata. pri q iauiaua os dias das festas. 7 os sábados á pan i agua. —



E ben na iúgen do

fiar. o pecador

sabuto. querrás na morte guardar.

que non seia perdido. **Vesta**

confiança tal. uos direi se qui

serdes. que ouue grande húa

moller. i pris que o souber

des. loaredes a mae enton.

de tens se me creuerdes.

i aueredes desaly. o dem auor

Se tuco. **E** se ben na iúgen
confiar. o pecador sabuto. quer
mo na morte guardiar. que
non seia perdido. —

Hsta molt en santare com apñoi morau
i pero sa fasera mal fazia confiana
na mōrte māreitor do mude iauiaua
o dia da encarnacion que e estableçido


Sete na iúge confiar o pecador sabuto
s cinque festas da sennor reya cristi
iuiaua està moller i non comia nadai
lenon pan i agua per seco tenodas
munté seu corp abaldear est em congozo

Dise na iúge confiar o pecador sabuto.
nto costum està molt uo direi q amia:
missa cada sábad oyr da mōrte de deo ya.
i en aqü dia faz maldade non queria.
por aui nō por oumaré assi ei apieduto.

Sete na iúge confiar o pecador sabuto.
mend està mou assi estando é tal estada
comou uo venay anteu teuassi p ginaldo
dir alla terra i enton uelhuisse le puaro
i sayns enton dali i no muntasoduto.

Sete na iúgen confiar o pecador sabuto
ais aqü dia que sayn amia Sabad era.
a foi missa oyr ento ca tal costumouera
sepiet tal die u gajo seu ouue conta fera
i con outru pos ela foi como loucatudo
Selenaugen confiar o pecador sabuto.

Conta como Santa María fez en Portugal e na vila de Santarem...



Cantigas de Santa María.
Dúas páxinas con capitulares.
Biblioteca Nacional de
Florenza.

sas dun rei estranxeiro nunha etapa da historia da lingua en que hai que falar de galego-portugués e non de portugués. As *Cantigas de Santa María* pertencen á literatura galega e seguirán sen recibiren a atención que merecen mentres os nosos investigadores non se decidan a traballar en serio na recuperación da nosa historia literaria, esquecendo dependencias absurdas e rexeitando tópicos esterilizantes.

DECADENCIA E PROLONGACIÓN DA ESCOLA TROBADORESCA. CAUSAS DA DECADENCIA

Na desaparición dun movemento literario conxúganse sempre unha serie de factores relacionados non só coa cultura senón tamén coa situación política, social e económica da

A FALTA DE MECENAS LEVA Á DESAPARICIÓN DA ESCOLA TROBADORESCA

sociedade que o creou. O XIV é un século de parálise profunda en toda Europa: fames e pestes asolan o continente.

En Portugal, a morte de Don Dinís en 1325 significa a desaparición do último grande centro produtor de lírica galego-portuguesa. Pero aínda que sexa 1354, ano da morte de Don Pedro, Conde de Barcelos, a data que marca o límite *ad quem*, non se pode afirmar que o noso lirismo desapareza totalmente; aínda pervivirá durante un século na corte castelá.

Os sucesores de Don Dinís iniciaron camiños que levarán a unha verdadeira revolución da burguesía mariña e a unha nova configuración dos modelos de vida e de cultura. A crise económica en Portugal é moi profunda e a nobreza fica desposuída da función de soporte —ideolóxico,

socio-cultural e financeiro— dunha literatura que lle era propia. Así, a falta de mecenazgo leva á desaparición da escola trobadoreca.

As guerras e disputas cos reis de Castela son continuas e co advento da casa de Avís ao trono portugués, producícese un cambio de rumbo na política cultural. O pensamento vira cara ás realidades concretas e a cultura adquire trazos de utilitarismo, impónendose o espírito mercantil. Portugal lánzase á aventura marítima e esta nova realidade non favorece o traballo creativo, de xeito que na corte vai primar o gusto pola prosa doutrinal e didáctica.

En Galiza, aos desastres climatolóxicos e endémicos do século sumáñense outros de carácter político. En 1366 Henrique de Trastamara provoca unha

guerra civil disputando o trono a Pedro I. En Castela esta guerra remata pronto, en 1369, cando o rei lexítimo é asasinado polo Trastamara. En Galiza, polo contrario, vai durar vinte anos, porque a nobreza galega, partidaria de Pedro I, se nega a acatar a Henrique II. As consecuencias destes vinte anos de guerra serán terríbeis tanto no económico como no político.

O país ficou arrasado, pero de todos os xeitos, o rei castelán exixe que se lle pague unha "indemnización" económica. No político, os partidarios de Pedro I, mortos ou exiliados, desaparecen do panorama galego e os seus títulos e posesións son repartidos entre os seguidores de Henrique II. As grandes e vellas liñaxes galegas son substituídas pola mediana ou pe-



Escena dunha batalla medieval nas *Cantigas de Santa María*.



Pedro I. Tumbo A.
Catedral de Santiago.

quena nobreza e mesmo por liñaxes foráneas. No lugar dos Castro ou os Andeiro aparecen os Sarmento, Ulloa, Andrade, Osorio... Frente á crise económica, estes novos señores reaxen aumentando a presión sobre labregos e burgueses, aos que venden a súa "protección". A tensión vai aumentando cos anos, os Concellos organízanse e, a mediados do século XV, estalla o primeiro proceso revolucionario antiseñorial de Europa, as Guerras Irmandiñas.

Neste ambiente, e ainda que Galiza fora o berce da cultura trobadoresca, non florece a lírica. Durante os séculos XIV e XV prodúcese o desenvolvimento da prosa e, sobre todo, das traducións, aínda que non chega a se consolidar totalmente unha literatura nacional diferenciada polos condicionamentos políticos.

A todos estes factores pouco propicios para que sobreviva a escola trobadoresca, hai que engadir o normal proceso de esclerose dun lirismo que esgotaba xa o seu ciclo vital. Será en Castela, nas cortes frívolas e galantes dos Trastámarra (Henrique II, Xoán I, Henrique III e Xoán II) e na corte de Afonso V de Aragón, onde vivirán as prolongacións da vella escola trobadoresca galego-portuguesa.

No século XIV aparecen as primeiras personalidades da literatura castelá. As lingua peninsulares, cada vez más afastadas do latín, van perdendo a transparencia que facilitaba, para alén do seu prestixio como vehículo da lírica peninsular, que poetizasen en galego homes doutros reinos. Como testemuño disto quedou a carta en que Gómez Manrique confesa a súa incapacidade para dominar a lingua galego-portuguesa. Comezan a

se prestixiar os estudos de cultura clásica greco-latina e a se impor as modas poéticas que chegan de Italia.


OS TEXTOS INTERPOLADOS

Nos estudos que se facían sobre a lírica medieval partíase sempre do presuposto de que os Cancioneiros profanos conservados, (*Cancioneiro de Ajuda*, *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* e *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana*), contiñan únicamente cantigas escritas entre os límites *a quo* (1196) e *ad quem* (1354) da escola trobadoresca. Non obstante, Giuseppe Tavani probou que nos dous Cancioneiros atopados en Italia (o da *Biblioteca Nacional* e o da *Vaticana*) hai textos que presentan unha estrutura métrica e semán-

DURANTE OS SÉCULOS XIV E XV PRODÚCESE E DESENVÓLVESE A PROSA E, SOBRE TODO, AS TRADUCIÓNNS

Unha mula entra na igrexa...
Cantigas de Santa María.





Cerco dunha cidade.
Cantigas de Santa María.

tica moi diferentes ás que usaban a lírica galego-portuguesa. Estes textos son de fins do século XIV ou de comezos do XV e foron interpolados nos códices primitivos aproveitando os espacios deixados en branco polos copistas.

Así, o estudioso italiano probou que a composición *Dona e senhora de grande valía*, que era atribuída a Xuiño Bolseiro e estaba considerada como o primeiro caso de versos de "arte maior" na nosa lírica, en realidade é un texto alleo á escola trovadoresca. Tamén son serodias outras varias composicións, entre elas a cantiga atribuída a D. Dinís, *Pero muito amo, muito non desejo*, e a denominada *Serrana de Cintra*. Unha vez que se demostrou que a devandita *Serrana de Cintra* era un texto alleo á escola galego-portuguesa, ficou invalidada a vella tese de Menéndez Pidal, que pretendía ver nela un precedente directo do Arcipreste de Hita e vincular desta maneira o poeta castelán coa prestixiosa escola galego-portuguesa.



Estes textos interpolados nos cancioneiros italianos demostran a pervivencia do lirismo trovadoresco galego-portugués ata mediados do século XV e constitúen, sumadas ás composicións recompiladas por Henry Lang no *Cancioneiro Galego-Castelán*, unha fase de transición entre a escola poética galego-portuguesa e as denominadas "Escola Galego-Castelá", representada sobre todo polo *Cancioneiro de Baena*, e a "Escola Castelán-Portuguesa" do *Cancioneiro Geral* de García de Resende.

ESCOLA GALEGO-CASTELÁ

A poesía desta escola está recollida nunha serie de cancioneiros dos séculos XV e XVI coñecidos polo nome do recompilador ou polo do lugar onde foron editados: *Cancioneiro de Baena*, *Cancioneiro de Stúñiga*, *Cancioneiro de Hernando del Castillo*, *Cancioneiro de Palacio, de Upsala*, etc. Todos eles son cancioneiros bilingües en que aparecen composicións galegas cuxa importancia radica, máis que na calidade literaria, en que son testemuñas da sobrevivencia da tradición lírica galego-portuguesa.

Estas composicións suman un total de cerca de 700 textos e é tan extraordinario o número de poetas documentados que tal proliferación únicamente pode ser explicada pola crise que atravesa a nobreza castelá. Os señores ven diminuir as súas funcións prácticas ao tempo que aumenta escandalosamente o número de títulos de nobreza, de forma que a perda de poder real compénse co ornato da cultura, isto é, compoñendo versos.

É unha poesía destinada a entreter os seráns do pazo, unha forma de pasatempo, unha poesía decadente que imita á anterior substituíndo a ausencia de verdadeiro lirismo cos

virtuosismos formais e técnicos da versificación. Aínda que o nome de "escola" lle ven grande de máis, adóitase considerar como tal ao grupo de poetas que continúan a tradición galego-portuguesa (lexicalizada e tamén empobrecida porque, por exemplo, desaparecería a cantiga de amigo). A súa obra, esplorada por moitos cancioneiros, foi recompilada por Henry Lang en 1902 baixo o título de *Cancioneiro Galego-Castelán*, que contén 74 composicións, redixidas nun período que abrangue de 1350 a 1450.

Tematicamente, a Escola Gale-


go-Castelá incide no amor cortés: o culto á coita tornase elemento imprescindible cunha absoluta fidelidade aos moldes clásicos. Aparece así todo o vocabulario dos vellos trovadores: *mesura, entendedor, senhor...* adobiado co *segredo* de amor, a imposibilidade de correspondencia e o *pavor*. Formalmente repiten tamén as fórmulas anteriores: o *leixapren, dobre, mordobre...* Ás veces aparece tamén o xénero satírico.

Dona Carolina Michaëlis clasifica os poetas deste período en catro grupos atendendo á sua



Miniatura no remate dunha cantiga de Santa María. Biblioteca Nacional de Florencia.





Capa de Luís Seoane para "Cantigas de Macías o namorado", editadas en Buenos Aires no 1941.

orixe e á língua que empregan:

1º) Galegos que poetizan ao vello estilo trobadoresco, en galego: Macías o Namorado, Fernán Casquicio e Vasco Pires de Camões.

2º) Casteláns e Andaluces que poetizan en galego. Neste caso están a maioría dos autores.

3º) Portugueses que poetizan en castelán.

4º) Casteláns e Andaluces que poetizan ao vello estilo trobadoresco galego-portugués, en castelán. Rodríguez del Padrón é a figura máis salientábel deste grupo.

Pertencen á literatura galega os autores dos grupos 1º e 2º, aínda que os outros poden ter certo interese porque manteñen na súa obra moi-simos galeguismos. Estes poetas ou pertencen á nobreza ou traballan para ela, vivindo nos pazos. Os autores más representativos da escola son Macías o Namorado, o Arcediago de Toro, Alfonso Álvarez de Vallasandino, Garci Fernández de Gerena e Gómez Manrique.

Para nós, o cancioneiro máis importante desta escola é o coñecido como *Cancioneiro de Baena*, que recibe este nome porque o seu recompilador foi Xoán Afonso de Baena, escribán de Xoán II, e conservase nun único manuscrito na Biblioteca Nacional de Paris. Contén 600 composicións de 56 autores.

Baena mistura os poetas da vella escola trobadoresca cos da tendencia italianizante, agrupando a obra de cada autor en tres seccións: *cantigas*, *decires* e *mais preguntas e respuestas*, incluíndo unha pequena nota biográfica de cada autor ou algúnhia referencia ao estilo e circunstancias da composición, tema, persoa á quem está dedicada, etc. Os poetas recollidos teñen unha cronoloxía que vai de 1350 a 1406, sendo maioría aqueles que seguen a escola trobadoresca galego-portuguésa.

En resumo, a da Escola Galego-Castelá é unha poesía con dúas linguas (galego e castelán) e con dúas tendencias artísticas (a trobadoresca galego-portuguésa e a italianizante), que se corresponde cunha época de confusión da que vai ficar a estrutura formal da escola trobadoresca e o espírito da poesía italiana. ☩

Bibliografía

- AA. VV.:** *Dicionário de Literatura Galega e Portuguesa*, org. e coord. por G. Lanciane e G. Tavani, Lisboa, Caminho, 1993.
- LAPA, M. RODRIGUES:** *Lições de Literatura Portuguesa*, Coimbra Editora, 10ª ed., 1981.
- MONToya MARTÍNEZ, X.:** *O cancioneiro marial de Afonso X, o Sabio*, Biblioteca de Divulgación da Universidade de Santiago de Compostela, 1991.
- OLIVEIRA, A. RESENDE DE:** *Depois do Espectáculo Trovadoresco. A Estrutura dos Cancioneiros Peninsulares e as Recolhas dos séculos XIII e XIV*, Lisboa, Caminho, 1994.
- PENA, X.R.:** *Literatura galega medieval*, Barcelona, Sotelo Blanco, 1986.
- POLÍN, R.:** *A poesía lírica galego-castelá*, Biblioteca de Divulgación da Universidade de Santiago de Compostela, 1994.
- TAVANI, G.:** *A poesía lírica galego-portuguesa*, Vigo, Galaxia, 1986.